



Presentámosvos as Summer Fun Weeks de Kids&Us Vilagarcía

## INTRODUCCIÓN

As **Fun Weeks** son os campamentos urbanos dunha semana, organizados por **Kids&Us Vilagarcía de Arousa**. Van dirixidos a nenos e nenas de 3 a 10 anos co obxectivo de facilitarlles o contacto co inglés durante os períodos vacacionais, usando a metodoloxía de aprendizaxe de Kids&Us. As **Fun Weeks** constan de actividades realizadas 100% en inglés que permiten que os nenos se divirtan á vez que aprenden grazas ao método natural de aprendizaxe propio de Kids&Us.

## ACTIVIDADES

Durante as **Fun Weeks**, levaremos a cabo varias actividades exclusivamente en inglés. Cada semana mergullarémonos nun novo mundo grazas ás distintas temáticas, con historias diferentes para cada grupo de idade creadas especificamente para facilitar a adquisición do idioma. As temáticas propostas para estas **Fun Weeks** son as seguintes:

### Temática 1: **BEACH**

Pon a punto as lentes de sol, a toalla e non te perdas a nosa Fun Week de praia en Kids&Us. É un tiburón? Non, non o é. Son Jeremy e os seus amigos que rin entre bromas e pásano en grande na praia. Que son esas aclamacións? Son Jack e o seu equipo de voleibol. Imos animalos mentres xogan o partido máis duro da tempada!

### Temática 2: **CAVEMEN**

Os prehistóricos tiñan dúas preocupacións: buscar comida e buscar refuxio. Nesta Fun Week, os nenos e nenas aprenderán que facían os nosos antepasados para sobrevivir e o importante que era o lume para eles. Acompáñanos e divertirémonos revivindo aquela época. Ademais, ata veremos dinosauros!



### Temática 3: [FARMYARD](#)

Ven a Kids&Us e explora connosco a granxa do señor Price. Axudarémolo nas súas tarefas diarias e a manter a granxa limpa e bonita. Ademais, coñeceremos a todos os seus amigos da granxa. A pobre Little Bee necesita axuda para atopar o seu lugar na granxa. Axudarlala a atopar novos amigos e a descubrir o verdadeiro significado da palabra familia? Que é esa música que se oe? Oh, mira! É Daisy, a vaca bailarina. Acompañaa na súa aventura para descubrir a importancia de perseguir os teus soños.

### Temática 4: [MONSTERS](#)

Tes medo aos monstros? Non hai razón para telo! Cando os coñeces, poden ser moi simpáticos. Quizá algún tente facerche unha trasnada, ou mesmo asustarte, pero se lles dás unha oportunidade, mesmo vos podeades facer bos amigos. Ven a Kids&Us e divertiraste descubriendo como viven uns monstros moi especiais.

### Temática 5: [MOUNTAIN ADVENTURES](#)

Gústache facer sendeirismo e ver moitos animais? Gustaríache explorar o Himalaia en busca de leopardos das neves? Atreveríaste a escalar un volcán en Indonesia? Non importa de que aventura se trate: podes estar seguro de que te divertirás xogando, cantando e bailando connosco.

### Temática 6: [PICNIC](#)

Todo o mundo sabe que ir de pícnic ao parque é unha boa maneira de divertirse e facer amigos, especialmente se es unha persoa un pouco vergoñosa. E, ademais, hai nenos e nenas que teñen cestas de pícnic máxicas. Pero non digas nada, é un segredo! Prepárate para un pícnic nun mundo imaxinario no que todo che sorprenderá. Ven a gozar desta Fun Week 100% en inglés con Kids&Us.

### Temática 7: [SWAMP LIFE](#)

Todo o mundo sabe que os pantanos son escuros e húmidos pero, quen di que non podemos divertirnos neles? Se es curioso e valente, ponte as botas e acompáñanos nesta inesquecible aventura. Bailaremos con diferentes animais do pantano, faremos guerras de barro cun monstro moi molón e axudaremos a un piloto para sobrevivir no pantano despois dun accidente de avión. A vida no pantano pode ser moi entretida!



#### Temática 8: [SWEET](#)

Es unha persoa lambona? Os nosos amigos Timmy, Lucy e Colin si o son. Serán capaces de resistirse á tentación de engulir todos os doces? Ven e descúbreeo nesta nova Fun Week de Kids&Us. Prepárate para unha aventura pegañenta e con algúns doces misteriosos e axuda aos nosos amigos para traballar en grupo para conseguir o seu obxectivo.

#### Temática 9: [TREASURE HUNTERS](#)

Se che gusta buscar tesouros, únete á nova aventura que Kids&Us preparou para esta Fun Week. Ponte as botas e o sombreiro e saca o mapa. Explora o xardín con Lola e Lily e consulta o mapa para descifrar as pistas. Usa o detector de tesouros como Milo para buscar sorpresas. Prepárate para acompañar a Jackie na súa emocionante aventura para protexer dos malos a cidade dourada enterrada. Convértete nun verdadeiro cazador de tesouros con Kids&Us!

#### Temática 10: [UNDER THE SEA](#)

Mergúllate connosco e descobre esta nova Fun Week submarina. Saxon Sardine necesita a nosa axuda na súa procura do agasallo perfecto, pero deberemos ir con coidado cos tiburóns! Tamén axudaremos a Hetty a descubrir o verdadeiro significado da amizade durante a súa viaxe en busca dunha nova coiraza. Finalmente, acompañaremos a Saul e a Poppy na súa aventura para rescatar a un golfinho. Prepara o tubo e as aletas de mergullo para gozar dunha marabillosa experiencia submarina con Kids&Us.



Durante as **Fun Weeks** organízanse divertidas actividades con contido pedagóxico. Organízanse grupos por franxas de idade dos nenos, con 10 nenos por profesor como máximo, para asegurar o trato individualizado a cada neno e optimizar os resultados e a aprendizaxe de cada un deles. As actividades adáptanse aos intereses e capacidade de cada idade, identificando 7 grandes grupos:

- 1. Actividades de psicomotricidade:** Faremos xogos por medio dos cales os nenos poderán correr, saltar e realizar unha serie de actividades que permitirán unha boa interacción e traballo en equipo.
- 2. Obradoiro de teatro (Performances):** Mediante cancións, movementos e bailes relacionados coa temática, levaremos a cabo representacións adaptadas a idade dos diferentes grupos de nenos e nenas. Esta actividade axudaraos a contextualizar o vocabulario e as expresións que aprenden. Amais, terán a oportunidade de pórse na pel das diferentes personaxes e vivir en persoa as súas audaces aventuras.
- 3. A hora do conto (Story time):** Creemos que o uso do conto é clave e crucial cando se aprende unha lingua. A historia que creamos adáptase a cada grupo de idade e ofrece unha maneira divertida e entretida de aprender estruturas, sons e vocabulario. Durante as **Fun Weeks** explicaremos, aprenderemos e representaremos contos.
- 4. Manualidades (Handicrafts):** Realizaremos traballos manuais.
- 5. Mercado (market):** Organizaremos un “mercado” onde os nenos e nenas poderán comprar o almorzo con diñeiro moi especial, e sempre utilizando as expresións adecuadas. Desta forma, usarán o inglés nun contexto real e moi útil para a súa adquisición do idioma.
- 6. Cancións temáticas (Songs):** Trátase sen dúbida algunha da actividade con máis aceptación das **Fun Weeks**. Tódalas cancións foron creadas e compostas seguindo a temática da semana, e adaptadas a cada grupo de idade.
- 7. Libro de clase (Fun Book):** Caderno temático que os cativos realizarán durante a semana.



## DATAS E HORARIO

- Semana do 1 ao 5 de Xullo
- Semana do 8 ao 12 de Xullo
- Semana do 15 ao 19 de Xullo
- Semana do 22 ao 24 de Xullo (Semana de 3 días)
- Semana do 29 de Xullo ao 2 de Agosto
- Semana do 2 ao 6 de Setembro

O horario das actividades será das 10:00 ás 14:00, porén, para facilitarvos a chegada e a recollida dos vosos fillos, o horario de recepción será das 9.30 ás 10:00, e a recollida a partires das 14:00 e até as 14:30 (durante este intre, haberá unha mestra cos cativos mentres len, debuxan ou miran algunha película en inglés).

## PREZOS

- Semana de 5 días 100€ alumnos Kids/115 € non alumnos.
- Semana de 3 días: 70 € alumnos Kids/85 € non alumnos.
- Desconto por matriculación en 4 semanas del 10%
- Desconto por 2º irmá/n

## INSCRIPCIÓN

Reserva a túa praza hoxe mesmo ou ven ó noso centro para inscribirte en:

Kids&Us Vilagarcía de Arousa

Avda. Rodrigo de Mendoza, 63 baixo, 36600, Vilagarcía de Arousa

[vilagarcia@kidsandus.es](mailto:vilagarcia@kidsandus.es)

604 006 662